

ACTIVIDADE 2: PRACTICAR A ORTOGRAFÍA EN INGLÉS EN 5º DE PRIMARIA

Modo de deseño activado para construír a actividade




Cambiar o perfil en “Visualizar”




En **Creación**: para un profe, “No encendido”: no momento de dar a clase




Lembrede como facer para iniciar a interface Primary: cando iniciamos ActivInspire en modo de Studio aparece unha xanela:



Pulsamos en **Configurar**



Marcamos a opción “Iniciar a próxima vez que se use a aparencia de Primary”



Pechamos a xanela e a aplicación. Se volvemos a iniciar o programa o carga a interface de Primary

Creamos un novo rotafolios



Podemos escribir o texto no rotafolios ou telo escrito en calquera procesador de textos, tomado de Internet, etc.


Texto copiado de Internet: seleccionamos a ferramenta Texto



Picamos na xanela de traballo e seleccionamos Pegar



O texto aparecerá seguramente mal colocado: seleccionamos coa ferramenta Punteiro e o levamos ó lugar desexado.




Para editar o texto, facemos dobre click sobre o texto e parecerá na parte inferior está xanela:



Seleccionamos o texto e modificamos: tamaño, negriñas, xustificación, cor, espazado entre liñas...

Na nosa actividade imos escribir directamente o texto: frases e a súa tradución ó inglés. Logo de editar as frases, cambiar o tamaño e a cor, etc, o aspecto sería o seguinte:



Unha axuda á escritura é o tema das CUADRÍCULAS




Facemos a cuadrícula VISIBLE, LIÑAS DISCONTÍNUAS, DIRECCIÓN SÓ Y.

Escollemos o tamaño



Bloqueamos o texto para evitar desprazamento inoportunos



Para BLOQUEAR: seleccionamos co punteiro todos os textos, escollemos a icona da opción "Menú de edición de obxectos" e activamos o BLOQUEO.




Ten que quedar así:




Observamos que agora non podemos seleccionar texto, movelo, editalo...SE NON ESTAMOS NA VISTA DE DESEÑO. TEMOS QUE ESTAR EN DESEÑO ACTIVADO PARA CONTINUAR TRABALLANDO.

Ocultaremos agora as frases, letras, palabras, signos...que queriamos que coloque correctamente o alumnado:


1. Seleccionamos a ferramenta LAPIS



2. Escollemos unha cor coa que ocultaremos as frases, así como un tamaño do lapis. Mellor unha cor diferente da cor de fondo.



O resultado podería ser o seguinte:



Finalmente BLOQUEAMOS TODO. Collemos a ferramenta PUNTEIRO E TRAZAMOS UN RECTÁNGULO que conteña a todos os elementos. Pulsamos na icona da opción “Menú de edición de obxectos” (deixamos o punteiro enriba de cada opción para obter unha mensaxe de axuda informando do que é cada cousa) e activamos o BLOQUEO.

Gardamos o rotafolio



APLICACIÓN NA AULA

Abrimos o rotafolio

Desactivamos o MODO DE DESEÑO



Cambiamos O PERFIL (Visualizar / Cambiar perfil) A "NO ENCERADO"



pedimos a algunha alumna ou alumno que co ActivPen proceda a escribir/corrir as frases.

1. Selecciona a ferramenta LAPIS,
2. escolle unha cor e un grosor de liña.
3. Escribe a frase en inglés.
4. Cando remate selecciona BORRADOR e un grosor axeitado.
5. Pasa o borrador por riba e "bórranse" as súas anotacións descubréndose o texto orixinal

Hay mucha gente paseando en el parque There are a lot of people walking in the park

Premendo en DESFACER E REFACER PODEREMOS VOLVER CARA ATRÁS



Ó rematar É IMPORTANTE NON GRAVAR OS CAMBIOS PARA MANTER O RECURSO TAL E COMO ESTABA!!!!!!!!!!!!!!